



ACTA DA ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO RÍA MUROS NOIA DE 21 DE DECEMBRO DE 2022.

No Salón de Plenos do Concello de Lousame, o día 21 de setembro de 2022, ás 11:00 horas, reúnese a Asemblea Xeral da Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros-Noia.

Asistentes:

- Dona María Teresa Villaverde Pais, con DNI núm. 76517422X, Presidenta da ARD Ría de Muros Noia e Alcaldesa do Concello de Lousame.
- Dona Inés Monteagudo Romero, con DNI núm. 33270550S, Vicepresidenta da ARD Ría de Muros Noia e Alcaldesa do Concello de Muros.
- Don Manuel González López, con DNI núm. 78793193T, Secretario da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Outes.
- Don Luis Oujo Pouso, con DNI núm. 33283149X, Tesoureiro da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Porto do Son.
- Don José Santiago Freire Abeijón, con DNI núm. 33272327K, Vogal da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Noia.

Os asistentes supoñen o 100% dos socios, polo que a Presidencia declara legalmente constituída a Asemblea.

Comeza a reunión coa seguinte orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea xeral de 28 de setembro de 2022.
- 2.- Informe da Presidencia con especial atención á posta en marcha do PSTD-Plan de Sostibilidade Turística en Destino.
- 3.- Presentación do borrador do **Convenio entre a ARD Ría de Muros Noia e os concellos que a forman para a xestión do PSTD.**
 - *O obxecto e presentar proposta de xestión de actuacións e debater os puntos principais. **Non se procederá á súa votación**, de xeito que poida revisado por cada concello antes de sometelo a votación.
- 4.- Proposta de cambio de anualidade das actuacións do PSTD previstas para 2022.
- 5.- Aprobación de cotas da ARD Ría de Muros Noia para o ano 2023.
- 6.- Aprobación do presuposto da ARD Ría de Muros Noia para o ano 2023.

Procédese a realizar as deliberacións e votacións de acordos conforme á anterior orde do día.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea xeral de 10 de marzo de 2022.

Acordo 1.1.

Apróbase por unanimidade a acta da Asemblea Xeral de 28 de setembro de 2022.

2. Informe da Presidencia con especial atención á posta en marcha do PSTD-Plan de Sostibilidade Turística en Destino.

A Presidenta informa sobre os trámites realizados en relación ao PSTD Ría de Muros Noia,

-Constitución da Comisión de Seguimento, que conta con dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes da ARD, Teresa Villaverde, como presidenta, y Roberto Rodríguez Sueiro, como técnico da xerencia. Lémbrese que calquera membro da ARD poderá, en todo caso, estar presente nas reunións.

-Primeira reunión da Comisión de Seguimento, de carácter informal, na que se trataron, entre outros, os seguintes asuntos:

-Obriga de presentar informe semestral.

-Previsión, por parte da ARD, de trasladar a anualidade 2022 ao ano 2023.

-Presentación, por parte da ARD, da proposta de xestión do PSTD a través dos concellos como entidades colaboradoras.

-Elaboración dun Plan Antifraude para a xestión do PSTD.

-Obriga dos concellos, en tanto entidades colaboradoras, de teren o seu propio Plan Antifraude. Condición que xa cumpren por teren un Plan aprobado (Concello de Outes) ou por estaren adheridos ao PREMADECOR da Deputación da Coruña (resto dos concellos). Será enviada unha solicitude aos concellos para que envíen o documento de aprobación ou adhesión.

-Necesidade dunha pronta aprobación do convenio interno de xestión e de inicio das actuacións.

3.- Presentación do borrador do Convenio entre a ARD Ría de Muros Noia e os concellos que a forman para a xestión do PSTD.

Preséntase a proposta de Convenio de colaboración entre a ARD e os concellos. Realízanse as seguintes deliberacións, sen que se eleven propostas formais de acodo:

-Necesidade de reformular as potestades da ARD na xestión das actuacións encomendadas aos concellos.

-A ARD Ría de Muros Noia transferirá os fondos aos concellos contra certificación final.

-Encomenda de xestión das actuacións como entidades colaboradoras conforme ao seguinte cadro:

| PSTD NOVOS MODELOS PARA A SOSTIBILIDADE E A COMPETITIVIDADE TURÍSTICA NA RÍA DE MUROS NOIA | | |
|---|------------------|--|
| ASIGNACIÓN DE ACTUACIÓNSS | | |
| Actuacións | Orzam. | Entidade responsable de execución |
| 1 Senda Litoral tramo a (Coira) | 148.000 | Concello de Porto do Son |
| 2 Senda Litoral tramo b (Obre) | 110.000 | Concello de Noia |
| 3 Senda Litoral tramo c (Sieira) | 104.000 | Concello de Porto do Son |
| 4 Ordenación de uso turístico do LIC Monte Louro Rede Natura 2000 | 243.000 | Concello de Muros |
| Total EIXO 1 | 605.000 | |
| 5 Itinerario Cultural a Santiago de la Ría de Muros Noia | 360.000 | Concello de Lousame |
| 6 Mobilidade urbana peonil na Serra de Outes | 211.000 | Concello de Outes |
| Total EIXO 2 | 571.000 | |
| 7 Canal IP e dixitalización da información en destino | 90.000 | Concello de Porto do son |
| 8 Desenvolvemento de contidos dixitais | 80.000 | Concello de Noia |
| 9 Musealización dixital na Mina de San Finx | 78.000 | Concello de Lousame |
| Total EIXO 3 | 248.000 | |
| 10 Mina de San Finx. Adecuación de edificio histórico | 90.000 | Concello de Lousame |
| 11 Área de servizo a autocaravanas e bicicletas. | 77.000 | Concello de Noia |
| 12 Adecuación da contorna industrial da Chaínza | 46.000 | Concello de Noia |
| 13 Rede de Miradoiros Ría da Estrela | 93.000 | Concello de Noia |
| 14 Desenvolvemento participativo de produtos de turismo activo | 70.000 | Concello de Muros |
| 15 Gobernanza disruptiva e participativa | 200.000 | Concello de Lousame |
| Total EJE 4 | 576.000 | |
| TOTAL PSTD | 2.000.000 | |

4.- Proposta de cambio de anualidade das actuacións do PSTD previstas para 2022.

Proponse a modificación do calendario de execución do PSTD, trasladando a execución de todas as actuacións previstas para o ano 2022, xunto co seu orzamento, ao ano 2023.

Acordo 4.1.

Acórdase, por unanimidade, modificar a programación da execución do PSTD Ría de Muros Noia, conforme ao seguinte novo calendario:

| DENOMINACIÓN PSTD: | | NOVOS MODELOS PARA A SOSTIBILIDADE E A COMPETITIVIDADE TURÍSTICA NA RÍA DE MUROS NOIA | | | |
|--|---|---|------------------|----------------|------------------|
| CADRO-RESUME PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓNS | | | | | |
| Eixos programáticos | Actuacións | Anualid. 2022 | Anualld. 2023 | Anualid. 2024 | Total |
| E 1. Transición verde e sostible | 1 Senda Litoral tramo a (Coira) | | 148.000 | | 148.000 |
| | 2 Senda Litoral tramo b (Obre) | | | 110.000 | 110.000 |
| | 3 Senda Litoral tramo c (Sieira) | | 104.000 | | 104.000 |
| | 4 Ordenación de uso turístico do LIC Monte Louro Rede Natura 2000 | | 140.000 | 103.000 | 243.000 |
| | Total EIXO 1 | 0 | 392.000 | 213.000 | 605.000 |
| Eje 2. Mellora da eficiencia enerxética | 5 Itinerario Cultural a Santiago de la Ría de Muros Noia | | 280.000 | 80.000 | 360.000 |
| | 6 Mobilidade urbana peonil na Serra de Outes | | 211.000 | | 211.000 |
| | Total EIXO 2 | 0 | 491.000 | 80.000 | 571.000 |
| Eje 3. Transición dixital | 7 Canal IP e dixitalización da información en destino | | 75.000 | 15.000 | 90.000 |
| | 8 Desenvolvemento de contidos dixitais | | 40.000 | 40.000 | 80.000 |
| | 9 Musealización dixital na Mina de San Finx | | | 78.000 | 78.000 |
| | Total EIXO 3 | 0 | 115.000 | 133.000 | 248.000 |
| Eje 4. Competitividade | 10 Mina de San Finx. Adecuación de edificio histórico | | 90.000 | | 90.000 |
| | 11 Área de servicio a autocaravanas e bicicletas. | | | 77.000 | 77.000 |
| | 12 Adecuación da contorna industrial da Chaínza | | 46.000 | | 46.000 |
| | 13 Rede de Miradoiros Ría da Estrela | | 93.000 | | 93.000 |
| | 14 Desenvolvemento participativo de produtos de turismo activo | | 20.000 | 50.000 | 70.000 |
| | 15 Gobernanza disruptiva e participativa | | 134.000 | 66.000 | 200.000 |
| Total EIXO 4 | 0 | 383.000 | 193.000 | 576.000 | |
| TOTAL | | 0 | 1.381.000 | 619.000 | 2.000.000 |

5.- Aprobación de cotas da ARD Ría de Muros Noia para o ano 2023.

Preséntase a proposta de cotas de socios para o ano 2023, mantendo os mesmos importes que no ano 2022.

Acordo 5.1.

Apróbase, por unanimidade, o seguinte cadro de cotas de socio da ARD Ría de Muros Noia para o ano 2023.

| Cotas anuais 2023 | |
|--------------------------|------------------|
| Concello | Cota |
| Lousame | 6.000,00 |
| Muros | 15.000,00 |
| Noia | 32.090,20 |
| Outes | 14.622,98 |
| Porto do Son | 20.812,05 |
| TOTAL | 88.525,23 |

6.- Aprobación do presuposto da ARD Ría de Muros Noia para o ano 2023.

Preséntase a proposta de orzamento da ARD Ría de Muros Noia para o ano 2023.

Acordo 6.1.

Apróbase, por unanimidade, o presuposto da ARD Ría de Muros Noia para o ano 2023, que queda configurado como segue:

| ARD RÍA DE MUROS NOIA ORZAMENTO 2023 | |
|---|-------------------|
| A) Presuposto ordinario | |
| INGRESOS | 191.725,23 |
| Cotas dos Concellos | 88.525,23 |
| Lousame | 6.000,00 |
| Muros | 15.000,00 |
| Noia | 32.090,20 |
| Outes | 14.622,98 |
| Porto do Son | 20.812,05 |
| Subvencións | 103.200,00 |
| Deputación da Coruña | 63.200,00 |
| Xunta de Galicia | 40.000,00 |
| Outros | 0,00 |
| Remanente exercicios anteriores | 0,00 |
| GASTOS | 191.725,23 |
| Gastos xerais | 46.844,01 |
| Xestión | |
| Xerencia do ARD / Xeodestino | 36.000,00 |
| Xestoría | 2.395,80 |
| Outros gastos xerais | 608,21 |
| Plan Antifraude | 4.840,00 |
| Gastos financeiros e asociados | |
| Préstamos. Gastos de constitución e intereses | 3.000,00 |

| | |
|--|---------------------|
| Promoción e comunicación (subvencións Xunta e Deputación) | 144.881,22 |
| Plan Deputación | 79.000,00 |
| Plan Xunta de Galicia | 48.000,00 |
| Outros | 17.881,22 |
| B) PSTD | |
| INGRESOS | 1.381.000,00 |
| Axudas | 1.381.000,00 |
| GASTOS | 1.381.000,00 |
| Plan de investimentos 2023 (segundo calendario PSTD) | 1.381.000,00 |
| TOTAIS | |
| INGRESOS | 1.572.725,23 |
| GASTOS | 1.572.725,23 |

6.- Rogos e preguntas.

Nos se producen rogos nin preguntas.

Finalizadas as deliberacións, levántase a sesión, ás 13.30 h.

Asinado, en Lousame na data indicada mediante sinatura dixital.

Dna. María Teresa Villaverde Pais
Presidenta da ARD Ría de Muros Noia

D. Manuel González López.
Secretario da ARD Ría de Muros Noia